



Da reaparición de **Xela Arias** ou a aparición de Antía Otero

É dato constatado entre os críticos a irrupción, decidida e relevante, da palabra de muller na poética galega. Tanto que falar de verso vólvese, en determinados casos, debate sobre xénero ou pulso sobre avances rexistrados no universo da creación literaria e o universo muller. E escribe Marta Dacosta: “Ósos de muller/ ósos que encolleron na humidade do inverno,/ de todos os invernos/ que anegaron o século”. Versos do poemario ‘As amantes de Hamlet’ que Espiral Maior pon nas librerías xuntos co doutras tres mulleres: ‘Intempériome’ de Xela Arias; ‘Lembranzas da beleza triste’ de Maria do Carmo Kruckenberg ou O son da xordeira de Antía Otero. Versos

cos que encintar tamén un percorrido xeracional. “Entre a bruma e o negror/ da natureza,/ fuximos enmeigados/ polas crenzas ancestrais/ do espellismo”. Das letras de Kruckenberg, unha das representantes da primeira xeración de escritores de posguerra, ata a estrea pública como poeta de Antía Otero: “Incongruencia é dicir/ que a muller naceu da costela do primeiro home/ cando ela foi a que lle deu o ser./ Adán agochou a súa nai/ coa fin de se-lo protagonista da Historia. Con ‘Intempériome’ tamén reaparece Xela Arias sobre corazón cuestión: “A unidade componse. / Da desorde./ Desordénome, amor,/ e dou co punto / único/ do centro dos abrazos.